



## **PREGO DE CONDICIÓN XERAIS POLAS QUE SE REXERÁ O SERVIZO PORTUARIO ESPECIAL DE ESTIBA, DESESTIBA, CARGA, DESCARGA E TRANSBORDO DE MERCADORÍAS EN PORTOS E INSTALACIÓNS PORTUARIAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.**

### **Disposicións xerais.**

1ª.-O presente prego será de aplicación á prestación do servizo de carga, estiba, desestiba, descarga e transbordo de mercadorías, no ámbito territorial dos portos competencia da Comunidade Autónoma de Galicia coas modificacións que se poidan producir no futuro e con inclusión de tódolos espazos e instalacións que se xestionen en concesión.

Concretamente autorízase a actividade nos portos de : \_\_\_\_\_

O exercicio das actividades do servizo de estiba, desestiba, carga, descarga e transbordo queda suxeito ás disposicións do presente prego, e, de ser o caso, ás condicións particulares que se determinen polos servizos técnicos competentes de Portos de Galicia.

O presente prego se aproba ao amparo da Lei 6/2017, do 14 de decembro, de portos de Galicia e da Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

No non disposto no prego de condicións xerais e nas condicións particulares que de ser o caso se establezan, será de aplicación a citada normativa autonómica e o regulamento de servizo e policía dos portos aprobado por O.M. do 12 de xuño de 1976.

No non previsto no prego e na normativa citada será de aplicación a lexislación estatal aplicable na materia, en todo aquilo que non sexa incompatible coa lexislación autonómica.

2ª.-O presente prego de condicións xerais regula a actividade das persoas físicas ou xurídicas que realicen as actividades de prestación do servizo que se definen na seguinte condición 3ª nos buques e dentro da zona portuaria, mesmo se ostentan a condición de propietarios dela, e en base a un sistema de libre competencia, agás que en aplicación do apartado 6 do artigo 119 da Lei 6/2017, de portos de Galicia se acorde limitar nalgún dos portos ou instalacións suxeitos á xestión de Portos de Galicia o número de prestadores do servizo por razóns obxectivas derivadas da dispoñibilidade de espazos, da capacidade das instalacións, da seguridade, das normas medioambientais ou estudos de demanda.

Os prestadores dos servizos deberán cumprir as obrigas de servizo público previstas no artigo 117 da Lei 6/2017, do 14 de decembro, de portos de Galicia coa finalidade de garantir a súa prestación en condicións de seguridade, continuidade, regularidade, cobertura, calidade e prezo razoable, así como respecto ao ambiente.

O outorgamento desta autorización non exige ao seu titular de estar en posesión das licencias, permisos e autorizacións esixidas legalmente en cada momento para o desenvolvemento desta actividade.

A perda por calquera causa das pertinentes licencias, permisos e autorizacións, será causa de extinción da autorización.

3ª.-Se consideran integradas nesta autorización as actividades de carga, estiba, desestiba, descarga e transbordo de mercadorías obxecto de tráfico marítimo, que permitan a súa transferencia entre buques, ou entre estes e terra ou outros medios de transporte.

3.1 As actividades de carga e estiba comprenden:

- a) A recollida da mercancía de porto e o seu transporte horizontal ata o costado do buque en operacións relacionadas coa súa carga.
- b) A aplicación de gancho, culler, spreader ou calquera outro dispositivo que permita izar ou transferir a mercadoría directamente dende un medio de transporte, ou dende o peirao, previo depósito no mesmo ou apilado ao costado do buque.
- c) O izado ou transferencia da mercadoría e a súa colocación na bodega ou a bordo do buque.
- d) O embarque da mercancía por medios rodantes no buque.
- e) A estiba da mercancía en bodega ou a bordo do buque.

3.2 As actividades de desestiba e descarga comprenden:

- a) A desestiba de mercadorías na bodega do buque, comprendendo tódalas operacións precisas para a partición da carga e a súa colocación ao alcance dos medios de izada ou transferencia.





- b) A aplicación de gancho, culler, spreader ou calquera outro dispositivo que permita izar ou transferir a mercadoría.
- c) O izado ou transferencia da mercadoría e a súa colocación nun medio de transporte ou no peirao ao costado do buque.
- d) O desembarque da mercadoría do buque por medios rodantes.
- e) Descarga da mercadoría directamente, ben sobre vehículos de transporte terrestre, ben sobre o peirao para a súa recollida por vehículos ou medios de transporte horizontal directamente ao exterior do porto ou a zona de depósito ou almacén dentro do mesmo, e o depósito e abasto da mercadoría en zonas portuarias.
- f) O desprazamento da mercadoría, previa a súa recollida cando proceda, dende o costado do buque ata outra localización na zona de usos portuarios comerciais, e o seu depósito e apilado dentro da mesma zona.

3.3 A actividade de transbordo comprende a desestiba no primeiro buque, a transferencia da mercadoría directamente dende un buque a outro e a estiba no segundo buque.

Tódalas actividades anteriormente descritas realizaranse no buque e na zona de servizo do porto.

3.4 Aos efectos do desenvolvemento das actividades reguladas neste prego non terán a consideración de mercadorías obxecto de tráfico marítimo:

- a) Os bens propiedade de Portos de Galicia.
- b) As cartas, tarxetas, paquetes postais e outros bens que sexan obxecto do servizo postal.
- c) A pesca fresca, o bacallau verde e os seus produtos elaborados a bordo.
- d) A recollida de residuos de carga procedentes dos buques.

3.5 Non se atoparán incluídas dentro das actividades reguladas neste prego:

- a) O manexo de medios mecánicos propiedade de Portos de Galicia.
- b) O manexo de cabezas tractoras ou grúas automóbiles que non estean permanentemente adscritas a operacións de manipulación portuaria e sexan conducidas polo seu persoal habitual.
- c) O embarque e desembarque de camións, automóbiles e calquera clase de vehículos a motor, cando se efectúe polos seus propietarios, usuarios ou condutores habituais dependentes daqueles, así como as labores complementarias de suxeición, cando sexan realizadas polos tripulantes dos buques.
- d) A condución, enganche e desenganche de cabezas tractoras que embarquen ou desembarquen remolques, se o transporte se produce sen solución de continuidade dende fóra da zona de servizo ata o seu embarque, ou dende o barco ata fóra da mencionada zona.

A condución de vehículos de todo tipo que transporten mercadorías ata pé de grúa ou de instalación de carga, en operacións directas de camiión a barco, si o transporte se produce sen solución de continuidade dende fóra da zona de servizo e a dos que reciban mercadorías a pé de grúa ou instalación de descarga, en operacións directas de barco a camiión, si o transporte se produce sen solución de continuidade ata fóra da zona de servizo e, ámbolos dous casos, as operacións de simple conexión dos medios de carga e descarga.

Neste suposto se atopan incluídas as operacións directas de calquera medio de transporte terrestre a buque e as de buque a calquera medio de transporte terrestre.

O disposto neste apartado se entende sen prexuízo da necesidade de observar, en todo caso, as normas xerais de transporte.

- e) As labores complementarias de suxeición e trincaxe cando sexan realizadas polas tripulacións dos buques.
- f) As operacións de carga, descarga e transbordo para o avituallamento ou o aprovisionamento de buques cando, para este último caso, non se precise a contratación de persoal.
  - Consideraranse operacións de avituallamento as que se refiren aos seguintes produtos: Auga, combustibles, carburantes, lubricantes e demais aceites de uso técnico.
  - Considéranse operacións de aprovisionamento as que se refiren aos seguintes produtos: Os destinados exclusivamente ao consumo da tripulación e dos pasaxeiros, produtos de consumo





para uso doméstico, os destinados á alimentación dos animais transportados e os consumibles empregados para a conservación, tratamento e preparación a bordo das mercadorías transportadas.

g) As operacións de carga, descarga e transbordo si se realizan por tubaría.

En calquera caso, ás actividades ás que se refiren os anteriores parágrafos e), f) e g) requirirán a obtención previa dunha autorización de actividade.

3.6 As empresas autorizadas poderán desenvolver, coa autorización de Portos de Galicia, ademais das actividades que integran o servizo e que quedan indicadas, outras actividades que non teñan este carácter tales como as relacionadas coa entrega e recepción de mercadorías, que, efectuándose no espazo físico do porto, estean directamente ligadas ao tránsito de mercadorías deste.

4ª.-A empresa prestadora virá obrigada a cumprir as disposicións vixentes ou as que no sucesivo se diten, que afecten ao dominio público utilizado e ás actividades que neste se desenvolvan.

5ª.-No suposto de que o exercicio das actividades previstas neste prego impliquen a ocupación do dominio público portuario, a autorización de actividade entenderase incorporada na correspondente concesión ou autorización de ocupación do dominio público, sen prexuízo da esixencia das taxas que procedan por ámbolos dous conceptos.

Así mesmo, cando se solicite autorización para a prestación do servizo nunha superficie outorgada xa en concesión ou autorización, o outorgamento da autorización estará vinculado á existencia dun contrato en vigor entre a persoa titular da concesión ou autorización e o prestador do servizo, o cal implica unha cesión parcial, con ou sen exclusividade, e que terá que ser autorizada por Portos de Galicia. A dita autorización de cesión parcial poderá realizarse na mesma resolución da autorización de prestación de servizo de estiba e desestiba, exixindo neste suposto a aceptación de condicións por parte do titular da concesión ou autorización de ocupación do dominio público.

#### Outorgamento.

6ª.-De acordo co artigo 116 da Lei 6/2017, de portos de Galicia, para o exercicio da actividade de carga, estiba, desestiba, descarga e transbordo de mercadorías, en portos da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, deberá obterse a preceptiva autorización.

7ª.-A presente autorización outórgase con carácter específico e individualizado para o exercicio das actividades que integran o servizo e que se enumeran na anterior condición 3ª.

O outorgamento de autorizacións de carácter xeral, se entende sen prexuízo da obriga por parte dos solicitantes de acreditar tódolos requisitos que sexan esixibles no presente prego regulador do servizo, agás que sexan ampliadas nas condicións particulares.

8ª.-Poderán ser titulares de autorizacións as persoas físicas ou xurídicas, españolas, doutros países da Unión Europea ou de terceiros países, condicionadas estas últimas á proba de reciprocidade, agás nos supostos en que os compromisos da Unión Europea coa Organización Mundial do Comercio non esixa o dito requisito, que non estean incursas en causas de incompatibilidade e que acrediten nos termos previstos no apartado 3 do artigo 119 da Lei 6/2017, do 14 de decembro, de portos de Galicia, os requisitos seguintes:

a. Xustificar a solvencia económica, técnica e profesional para facer fronte ás obrigas resultantes do servizo que se determinen no prego regulador de cada un destes servizos.

Para elo será de aplicación o disposto nos artigos do 87 o 91 da Lei 9/2017 de contratos do sector público que en función da tipoloxía do transporte marítimo solicitado e da facturación ingresos anuais previstos para o tráfico mínimo esixido na letra g) da presente condición:

a.1) Solvencia económica e financeira:

O solicitante deberá acreditar un volume anual de negocios, referido ó mellor exercicio dentro dos tres últimos anos enteiros dispoñibles por importe igual o superior a 100.000 €. Acreditarase mediante declaración das contas anuais do solicitante indicando o volume de negocios da empresa, no ámbito da autorización, no ano máis vantaxoso dentro dos tres últimos. Portos de Galicia poderá esixir en calquera momento da autorización a documentación xustificativa, sendo o seu incumprimento causa de caducidade da autorización.

Tamén se poderá acreditar xustificando a existencia dun seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais por importe igual ou superior as contías indicadas anteriormente. O dito seguro terá vixencia ata que se poida acreditar a solvencia polos medios descritos no parágrafo anterior.

a.2) Solvencia técnica e profesional:





Comprometerse a dispor dos medios humanos e materiais que sexan dabondo, para o desenvolvemento das operacións habituais, tanto as máis simples como as máis complexas, en condicións de seguridade, calidade, continuidade e regularidade en función das características da demanda. O solicitante deberá acreditar solvencia técnica mediante declaración de idoneidade dos medios humanos e materiais de que dispón a actividade autorizada, podendo Portos de Galicia exixir documentación acreditativa en calquera momento da vixencia da autorizacións, sendo o seu incumprimento causa de caducidade.

b. Estar ao corrente do cumprimento das obrigas de carácter fiscal, laboral e social exixidas pola lexislación vixente.

c. Cumprir as condicións específicas necesarias para a axeitada prestación do servizo, de acordo co previsto na Lei 6/2017 de portos de Galicia, e na demais normativa de aplicación.

d. Superar ou comprometerse xustificadamente a superar un volume mínimo de 10.000 toneladas anuais si as mercadorías propostas están nos grupos 4ª e 5ª e 25.000 tn se están nos grupos restantes. No suposto que se operen varias tipoloxías de mercadorías contabilizarase por cada porto autorizado, e pola mercadorías con compromiso superior dos propostos.

Este volume mínimo de mercadorías computará como un mínimo para liquidación da taxa ACIS.

O tráfico mínimo esixido en cada caso recollerase nas condicións particulares da autorización, e poderá establecerse en función do compromiso do solicitante e da información económico- financeira que sobre a actividade a desenvolver facilite a empresa na documentación anexa á solicitude de autorización.

A magnitude establecida como actividade mínima, poderá ser modificada pola Presidencia de Portos de Galicia a proposta da Dirección. Aos efectos de considerar este extremo, Portos de Galicia terá acceso a canta documentación requira o exame do problema a fin de poder valorar as causas de calquera recesión ou incremento de tráfico que se produza.

A comprobación do cumprimento do mínimo fixado efectuarase por anos naturais, calculándose a parte proporcional en caso de extinción anticipada.

9ª.- Os solicitantes deberán formular na sede electrónica da Xunta de Galicia a correspondente solicitude ante Portos de Galicia, acompañando dos documentos, indicados no procedemento específico correspondente (CÓDIGO DO PROCEDIMENTO).

10ª.- As autorizacións para a prestación deste servizo poderán solicitarse en calquera momento, agás que Portos de Galicia limitase a prestación do servizo xa que neste caso outorgarase por concurso convocado ó efecto

Pola súa parte, aquelas empresas que na data de aprobación do presente prego se atopen prestando servizos sobre a mercadoría en virtude de calquera título administrativo habilitante que estea en vigor, seguirán gozando da autorización outorgada sen mais trámites.

11ª.- Estas autorizacións serán outorgadas pola Presidencia de Portos de Galicia a proposta dos servizos técnicos de Portos de Galicia, e con suxeición ás condicións xerais previstas neste prego e ás particulares que no seu caso se establezan polos servizos técnicos competentes de Portos de Galicia, documentos que formarán parte e se integrarán na resolución de outorgamento da autorización.

Os acordos tanto de autorización como de denegación deberán de ser motivados, reservándose en calquera caso Portos de Galicia a facultade discrecional de rexeitar solicitudes ou modificar sensiblemente o seu contido, cando razóns estritas de explotación portuaria fagan imposible outorgar unha autorización ou motiven o seu outorgamento baixo condicións distintas das solicitadas.

12ª.- O prazo máximo de vixencia das autorizacións para o desenvolvemento das actividades de carga, estiba, desestiba, descarga e transbordo de mercadorías outorgadas conforme ao presente prego non poderá exceder de 15 anos cando non implique inversión significativa. Cando o desenvolvemento do servizo implique unha inversión significativa en equipos e material móbil, o prazo máximo da autorización será de 30 anos, e cando o dito investimento significativo se produza en equipos e materiais móbiles e en obra de infraestruturas vinculadas a unha concesión administrativa, o prazo máximo de vixencia será necesariamente coincidente co prazo de vixencia da concesión.

O prazo concreto da autorización, en función do establecido no paragrafo anterior é de **5 ANOS, prorrogable de 5 en cinco anos ata un prazo máximo de 15 anos**, no suposto de que non exista inversión relevante. No suposto de propoñer unha inversión relevante vinculada á prestación do servizo podería proporse un prazo maior en función da inversión prevista.

As autorizacións poderán ser obxecto de prórroga sempre que non se excedan os prazos máximos establecidos. As prórrogas serán concedidas de maneira discrecional por Portos de Galicia, e requirirán a solicitude polo seu titular dous meses antes á expiración do prazo da autorización, e a previa acreditación







polo titular do cumprimento dos requisitos previstos na normativa de aplicación, no prego regulador e nas condicións particulares que de ser o caso se establezan polos servizos técnicos competentes.

13ª.- A fin de garantir ante Portos de Galicia o cumprimento das obrigas derivadas das actividades reguladas neste prego, os solicitantes deberán de constituír unha garantía en metálico, valores públicos ou privados, aval ou seguro de caución por un importe de **12.000 euros**, pola totalidade dos portos autorizados.

As garantías constituídas estarán a disposición do Presidente de Portos de Galicia e depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos da Consellería de Economía e Facenda.

Extinguida a autorización para a prestación do servizo nos supostos previstos na condición 38ª, procederá a cancelación e devolución da garantía, unha vez realizado o pago das liquidacións pendentes, e sempre que non proceda unha incautación total ou parcial por incumprimento do titular da autorización.

A garantía depositada responderá de tódalas obrigas derivadas desta autorización, incluídas as medioambientais, e igualmente das sancións administrativas que sexan consecuencia da prestación do servizo.

Con carácter excepcional, e coa finalidade de garantir un servizo que implique a manipulación dunha mercadoría que leve aparelado un risco intrínseco que exceda do previsto para a garantía depositada, os servizos técnicos competentes poderán propoñer, e a Presidencia de Portos de Galicia acordará, a constitución dunha garantía complementaria á xa depositada. Finalizado o servizo que motiva a constitución desta garantía complementaria, procederase da maneira establecida no anterior parágrafo desta condición.

14ª.- O incumprimento das obrigas económicas previstas neste prego, e as responsabilidades de calquera outra índole en que poida incurrir o titular da autorización que permitan unha execución pecuniaria, habilitarán a execución inmediata da garantía constituída.

Cando por aplicación do disposto no parágrafo anterior, Portos de Galicia tivera que dispoñer da garantía, total ou parcialmente, o titular da autorización virá obrigado a repoñela ou completala nun prazo dun mes, contado dende o acto de disposición. O incumprimento desta obriga, será causa de resolución da autorización.

Durante o período que transcorra sen restituír ou completar a garantía fixada, Portos de Galicia, co obxecto de garantir o aboamento das taxas e tarifas polos servizos que se presten no ámbito da súa competencia, poderá esixir a paralización da prestación do servizo.

#### **Taxas e gastos.**

15ª.- Taxa polo desenvolvemento da actividade.

O titular da autorización aboará por este concepto a taxa anual que corresponda conforme ó Anexo 3, Taxas por servizos profesionais, Clave 99, Tarifas portuarias aplicables nos portos e instalacións competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, taxa 03 – tarifas portuarias polo exercicio de actividades comerciais, industriais ou de servizos (ACIS) da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

A cota da taxa establecerase por unidade de carga manipulada, medida en tonelada o fracción, contedor, vehículo ou calquera outra forma de presentación da mercadoría, axustándose á contía aos valores que se establecen na Lei 6/2003, en función das unidades de carga manipuladas, medida en tonelada métrica de peso bruto ou fracción, en función do grupo ao que pertencen as mercadorías, de acordo co repertorio de clasificación de mercadorías que se recolle na tarifa X-3 da citada Lei.

**Cota anual da taxa: ( A especificada nas condicións particulares).**

A contía anual da taxa non poderá ser inferior á cota concreta especificada nas condicións particulares aplicada ao tráfico ou actividade mínima anual á que se refire a **condición xeral 8.d) deste prego e que se cuantifica nas condicións particulares da autorización,** e coas actualizacións que puidera sufrir.

No suposto de que a taxa sexa esixible por adiantado, a súa contía calcularase para o primeiro exercicio sobre as estimacións efectuadas en relación co volume de tráfico, e, nos exercicios sucesivos, sobre os datos reais do ano anterior.

A devindicación da taxa producirase no momento da notificación do outorgamento da autorización de actividade ou da concesión ou autorización de ocupación do dominio público portuario respecto do ano en curso; sen embargo, no suposto de que por execución de obras ou outras causas xustificadas se producira unha demora no inicio da actividade, a devindicación da taxa non se producirá ata o momento no que esta se inicie. Nos anos sucesivos a devindicación producirase o 1 de xaneiro.





No valor da taxa non está incluído o IVE, debendo aplicarse a dito valor os tipos impositivos vixentes en cada momento.

Independentemente de que a garantía depositada responde do aboamento da taxa, Portos de Galicia poderá utilizar para o seu cobro o procedemento administrativo de constrinximento, de conformidade co artigo 26 da Lei 6/2017, do 14 de decembro, de portos de Galicia.

16ª.- Serán da conta do titular da autorización o aboamento dos impostos, arbitrios ou taxas legalmente establecidas que sexan de aplicación, e tódolos gastos que ocasione o desenvolvemento da actividade. En particular, no seu caso, estará obrigado a facer fronte á repercusión da parte da cota líquida do imposto de bens inmobles aplicable ao ben demanial ou patrimonial do que o titular da autorización faga uso con motivo da autorización outorgada; segundo se establece no artigo 63. 2, segundo parágrafo, do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se regula o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais. A tal efecto, Portos de Galicia determinará a cota repercutible en razón á parte do valor catastral que corresponda á superficie utilizada e á construción directamente vinculada.

#### **Sobre condicións esixibles para o desenvolvemento do servizo público**

17ª.- Son obrigas do servizo público, de necesaria aceptación por todos os prestadores de servizos portuarios especiais, as seguintes:

- a. Manter a continuidade e regularidade dos servizos en función das características da demanda, agás causa de forza maior, facendo fronte ás circunstancias adversas que poidan producirse coas medidas esixibles a un empresario ou a unha empresaria dilixente. Para garantir a continuidade da prestación do servizo.
- b. Cooperar con Portos de Galicia e coa Administración marítima e, se é o caso, con outros prestadores de servizo nas labores de salvamento, extinción de incendios, loita contra a contaminación e prevención e control de emerxencias. Así mesmo, tamén deberá informar daquelas incidencias que poidan afectar calquera destas materias ou a seguridade marítima en xeral.  
No seu caso, nas condicións particulares poderán reflectirse as tarifas por intervencións en servizos de emerxencia, extinción de incendios, salvamento ou loita contra a contaminación derivadas desta obriga de servizo público.
- c. Someterse á potestade tarifaria, cando proceda.
- d. Colaborar na formación práctica na prestación do servizo, no ámbito do porto en que se desenvolva a actividade.
- e. Establecer unha cobertura universal, coa obriga de atender toda demanda razoable, en condicións non discriminatorias.

Para cada un dos aspectos anteriores, si as condicións do servizo así o aconsellarán, Portos de Galicia poderá establecer, nas condicións particulares deste prego, servizos mínimos de carácter obrigatorio.

#### **Sobre condicións esixibles para o desenvolvemento do servizo.**

18ª.- As empresas prestadoras do servizo, cando tamén reúnan a condición de armadores ou consignatarios dos barcos ou de propietarios dos medios de transporte, no caso de que a mercadoría entre e saia do porto por medios exclusivamente terrestres, serán suxeitos pasivos obrigados ao aboamento das tarifas orixinadas pola manipulación e paso das mercadorías polo porto, de acordo coa normativa vixente en materia de taxas.

As empresas prestadoras responderán en calquera caso do aboamento das taxas que procedan por tódolos servizos solicitados que demande a realización das operacións do servizo sobre as mercadorías.

A responsabilidade da empresa prestadora en canto ao cumprimento das obrigas asumidas polo armador ou navieiro para cos cargadores ou receptores das mercadorías transportadas polo buque rexerá pola lexislación mercantil específica.

19ª.- As empresas prestadoras responderá dos danos e prexuízos, e asumirán cantas responsabilidades lles poidan corresponder fronte á Administración, traballadores portuarios, destinatarios do servizo ou terceiros afectados polo desenvolvemento das operacións obxecto deste servizo, e que sexan consecuencia das súas propias actuacións, tanto por acción como por omisión.

A responsabilidade por danos ou avarías nas mercadorías transportadas rexerá pola lexislación mercantil específica.

En canto á responsabilidade en materia sancionadora, estarase ó disposto no capítulo IV do Título VI da Lei 6/2017, de 14 de decembro, de portos de Galicia.

- As empresas prestadoras, para responder dos danos e prexuízos ocasionados polas súas propias accións ou omisións, estarán obrigadas a concertar un seguro por danos ocasionados á





Administración ou a outros terceiros e responsabilidade civil, cunha cobertura **mínima de 600.000 €** por sinistro, **no prazo máximo dun mes a contar dende a notificación da resolución de autorización**, e en todo caso antes do inicio da actividade, o que deberá acreditarse ante Portos de Galicia mediante a presentación certificación da compañía aseguradora ou do axente de seguros, e empregando no seu caso o modelo posto a disposición no procedemento específico (CODIGO), e cuxo contido mínimo sexa o seguinte:

- Identificación da compañía aseguradora ou do axente de seguros e da persoa que actúa en representación.
- Numero da póliza de seguro.
- Mención expresa da cobertura de responsabilidade civil e a vixencia temporal do seguro.
- Identificación da actividade asegurada.
- Porto e municipio onde esta previsto a prestación do servizo asegurado.
- Contía do capital asegurado e da franquía no seu caso.
- Data de pagamento da póliza que acredite a súa formalización.
- Data de expedición do certificado, firmado polo titular ou representante legal.

A non acreditación da póliza no prazo antes sinalado implicará a extinción automática da autorización que quedará condicionada a estes efectos, e a incautación da garantía depositada.

20ª.- O persoal necesario para o desenvolvemento das actividades obxecto da autorización, incluídos os traballadores portuarios procedentes da extinta Organización de Traballo Portuarios nos portos onde existan, cando se vinculen co prestador por medio dunha relación laboral común, será por conta e a cargo do titular, que deberá de cumprir as obrigas que lle impón a lexislación vixente en materia laboral, de prevención de riscos laborais e de seguridade social.

Para a dirección, organización e administración da empresa, así como para a realización de traballos non incluídos da maneira específica no ámbito do servizo á que se refire a condición 3ª, que deberán ser obxecto de autorización por Portos de Galicia, a empresa prestadora poderá empregar ao persoal que estime axeitado.

De acordo co Real Decreto 145/1989, de 20 de xaneiro, que aproba o Regulamento de admisión, manipulación e almacenamento de mercadorías perigosas nos portos, para a realización de operacións de carácter especial ou relacionadas coa manipulación de mercadorías perigosas, a empresa deberá contar con persoal dotado da preparación e titulación axeitadas, de acordo aos programas de formación previstos no citado Regulamento e acreditados ante Portos de Galicia, con carácter previo a manipulación das ditas mercadorías.

Todo o persoal, calquera que sexa o seu réxime laboral, utilizado pola empresa estibadora para desenvolver as súas actividades no porto, deberá estar autorizado expresamente por Portos de Galicia para acceder ao recinto portuario, e haberá de levar en todo momento perfectamente visible a tarxeta identificativa expedida por esta.

Igual autorización precisará o persoal de calquera empresa, distinta da empresa prestadora do servizo, que realice traballos de calquera índole para ela.

21ª.- A organización e dirección dos traballos é responsabilidade exclusiva da empresa que observará no desenvolvemento das súas actividades todo o que sinala o regulamento do servizo, policía e réxime dos portos, as regras de aplicación previstas na normativa tarifaria vixente, as normas de explotación e instrucións que, tanto de un modo xeral como específico, dite Portos de Galicia, así como a Administración Marítima e o Capitán do buque no que se refire á actividade específica de estiba e desestiba ao bordo do buque.

O persoal da Empresa que dirixa e execute as operacións haberá de ter perfecto coñecemento das características de traballo, dos elementos que empregue, tanto propios como do porto, e os utilizará con suxeición a normas estritas de seguridade.

En cargamentos fraccionados, as operacións poderán ser realizadas pola empresa ou empresas que designe o armador ou navieiro ou, no seu caso o consignatario do buque que ostente a representación do armador. No caso de que vaian a traballar varias empresas, e aos efectos de coordinación de operacións, notificarase previamente a Portos de Galicia o plan de traballo.

Os titulares de concesións administrativas, poderán designar a empresa ou empresas prestadoras do servizo que realicen as operacións que se leven a efecto no ámbito físico funcional das devanditas concesións administrativas.

22ª.- **A empresa debe dispor, ou comprometerse a dispoñer, en propiedade ou por calquera título xurídico que lle atribúa a súa disposición, dun equipo mecánico** de manipulación de mercadorías apto para mover eficientemente o volume e tipos de tráfico que se comprometera a manipular.





A ocupación do dominio público portuario por parte dese equipo requirirá, de ser o caso, a autorización ou o título administrativo habilitante que sexa procedente, e, igualmente, estará suxeito ao aboamento da taxa **E-2 pola superficie ocupada, sendo ambas autorizacións obxecto dun expediente único.**

Todo o equipo que empregue a empresa estibadora: grúas, carretillas, pallets, pranchas e demais maquinaria e elementos necesarios para as operacións de carga e descarga, estará marcado cos nomes, iniciais o distintivos do seu usuario e, no seu caso, con especificación da súa tara e capacidade de carga. Este equipo deberán manterse en perfectas condicións de uso e mantemento para o servizo ao que se destine, do contrario debера ser retirado pola empresa propietaria. De non facelo no prazo que a tal efecto se lle indique, Portos de Galicia procederá á execución subsidiaria da dita retirada a cargo da empresa, e sen prexuízo da sanción que proceda.

Todo o equipo anteriormente citado e calquera outro elemento debidamente autorizado que sexa necesario para a carga, descarga, estiba e desestiba, colocaráse tódolos días ao rematar o traballo, sempre que a súa natureza o permita, nos lugares designados. O que se atope fóra do devandito lugar, poderá ser obxecto de retirada e traslado por Portos de Galicia, sendo preciso para a súa devolución o aboamento dos gastos de retirada e traslado, e sen prexuízo de depararlle outras consecuencias previstas na normativa de aplicación.

Así mesmo, todo o equipo e maquinaria que empreguen as empresas estibadoras haberá de cumprir as seguintes condicións:

- a) Os vehículos industriais deberán estar dotados na súa parte superior de luz destelleante amarela e de sinais sonoras de aviso cando circulen marcha atrás.
- b) Tódolos equipos auxiliares de carga como cadeas, ganchos, balancíns, etc..., deben ter un certificado de empresa oficial de calidade do seu bo estado e aptitude para traballar coa súa carga normal.
- c) Os medios mecánicos propulsados deberán contar con rodas e pneumáticos para a súa translación, prohibíndose o uso de rodas metálicas.
- d) As instalacións eléctricas da súa maquinaria deben estar visadas e autorizadas polo órgano competente da Consellería de Industria.
- e) Toda a maquinaria debe cumprir a regulamentación vixente sobre seguridade no seu funcionamento, e dispoñer de seguro en regra cando este requisito sexa legalmente esixible.
- f) As empresas quedan obrigadas a realizar anualmente, ou no prazo legalmente exixido, tódalas inspeccións dos elementos dos seus equipos e maquinaria que afecten á súa seguridade, conforme ao que dispoña a regulamentación vixente. Estas inspeccións realizaranse por entidades de control debidamente homologadas. Portos de Galicia poderá exixir a súa achega en calquera momento, e de non acreditarse o seu cumprimento, Portos de Galicia ordenará a inmediata retirada do servizo da maquinaria e equipos que incumpran este requisito. Así mesmo, os medios mecánicos deberán levar en sitio visible as características de potencia de elevación de carga en cada caso. Portos de Galicia poderá supervisar en calquera momento o estado das equipos, pola súa conta ou a través de terceiros, sen que ilo implique responsabilidade en caso de accidente.

#### **Sobre a prestación do servizo.**

**23ª.-** A prestación do servizo de carga, descarga, estiba, desestiba e transbordo supón a realización das operacións portuarias, sinaladas na condición 3ª cun rendemento non inferior ao mínimo que se estableza, no seu caso, polos responsables de Portos de Galicia, **nas condicións particulares.**

A relación ordinaria entre a empresa prestadora e Portos de Galicia, necesaria para o desenvolvemento das operacións previstas neste prego, establecerase a través de Portos de Galicia, directamente, ou de ser o caso, a través dos celadores gardapeiraos.

A empresa prestadora que pretenda realizar as operacións do servizo, o ter coñecemento da chegada do buque, comunicará o persoal do porto, a información necesaria para coordinar a prestación dos servizos indicando a lo menos: o nome do buque e dos datos da mercadoría, as dispoñibilidades de utillaxe, os rendementos diarios das operacións que se propón obter e o tempo probable da súa duración.

Igualmente expresaranse os lugares nos que se atopan depositadas as mercadorías, ou as superficies propias de que se dispón, e, no seu caso, as cubertas ou descubertas do porto que se consideren necesarias para o depósito, indicando en todo caso o tempo previsto de duración do mesmo.







O depósito de mercadorías en terreos de dominio público portuario requirirá autorización, e estará sometida a abono da taxa portuaria correspondente por ocupación de superficie.

A empresa deberá observar, coa maior escrupulosidade, o regulamento de servizo, policía e réxime dos portos e cantas ordes e instrucións de explotación lles remitan a Portos de Galicia en aplicación deste. Deberán comunicar calquera infracción ou deficiencia que se puidera apreciar, así como calquera anomalía ou incidencia que entorpeza o desenvolvemento normal das operacións portuarias.

Entre o persoal da empresa prestadora e Portos de Galicia estableceranse os oportunos contactos, directos ou a través dos celadores gardapeiraos, para coñecer, antes do mediodía, se os buques en operación van finalizar ou non a esta durante a xornada normal establecida, ou si van realizar traballos ou quendas extraordinarios, procurando en todo momento que a fixación da hora de terminación sexa o máis exacta posible. Esta información haberá de ser comunicada así mesmo ao capitán do buque.

Igualmente, a empresa observará as indicacións que o capitán do buque poida formular respecto as operacións realizadas a bordo, que teñan incidencia na navegabilidade do buque.

No caso de que a anunciada finalización de operacións se presente como de dubidoso cumprimento no curso do día, a empresa prestadora o notificará inmediatamente para coñecemento da Portos de Galicia, informando neste caso sobre a continuación das operacións para o día seguinte e das necesidades de servizos a recibir por Portos de Galicia.

Se entende que os procesos de estiba e desestiba a bordo desenvólvense correctamente cando se realicen de acordo coas instrucións do capitán do buque ou da persoa na que este delegue, e que a mercadoría queda correctamente estibada cando así o acepte o capitán, ordenando a terminación das devanditas operacións.

24ª.- A empresa prestadora coidará de manipular a mercadoría cos medios axeitados para elo, evitando toda clase de avarías, perdas ou a súa deterioración.

A empresa porá ao servizo de cada operación que realice no porto os medios materiais e humanos que sexan necesarios para garantir o cumprimento dos rendementos diarios manifestados. Así mesmo, deberá cumprir estritamente os ritmos de levante de mercadorías que lle sinalen á Portos de Galicia.

Si a empresa estibadora, por motivos de abandono da mercadoría ou outros análogos, desexa deixar de asumir a súa responsabilidade sobre esta a partir dun momento determinado, o comunicará previamente á Portos de Galicia e o Capitán do buque, xustificando as causas desta decisión e facilitando os antecedentes necesarios para futuras actuacións.

Portos de Galicia non responderá, nin solidaria nin subsidiariamente, das mercadorías ou obxectos de calquera clase que se depositen, tanto nos depósitos cubertos como nos descubertos, nin aínda no caso de extravío ou perda, ou por causa de motíns, vandalismo, roubos ou accidentes fortuítos.

Na descarga do buque entenderase que a mercadoría queda correctamente apilada en terra cando estea disposta de maneira que se poida comprobar o número de vultos ou a cantidade global conforme ás partidas do coñecemento. Esta operación, se non quedase finalizada ao rematar a descarga, deberá quedar completa no prazo máximo de tres días dende a terminación da descarga do barco.

No caso de que a empresa atopara dificultades insuperables que lle impidan completar esta tarefa o comunicará á Portos de Galicia directamente ou a través dos celadores gardapeiraos e ao capitán do buque, antes de transcorridas corenta e oito horas dende que rematou a descarga.

Coa finalidade de que a Portos de Galicia teñan coñecemento exacto da mercadoría procedente de/ou con destino a un buque, a efectos de designación do lugar concreto para o seu depósito e das comprobacións que procedan, a empresa facilitará unha copia do manifesto de carga, se é posible, ou en caso contrario, da lista de mercadorías, antes do comezo das operacións.

Con independencia da obriga do consignatario do buque de presentar ante a Portos de Galicia o manifesto de mercadorías perigosas, a empresa que teña previsto manipular mercadorías destas características, deberá presentar o citado manifesto ou declaración responsable que describa suficientemente o carácter da mercadoría con dous días de antelación á chegada a porto do buque. Todo ilo sen prexuízo do que sobre este aspecto recolle o vixente regulamento de admisión, manipulación e almacenamento de mercancías perigosas nos portos.

25ª.- Sendo a organización e dirección dos traballos obxecto do presente prego de responsabilidade exclusiva da empresa prestadora, esta será tamén responsable, durante a realización das operacións, das mercadorías que manipule.





Así mesmo, será responsable de calquera danos ou prexuízos causados a persoas ou cosas, sexan de titularidade pública ou de terceiros, debido ao exercicio da súas actividades así como as súas omisións ou negligencias no dito exercicio.

Serán tamén responsables ante Portos de Galicia, de calquera avaría perda ou deterioro que se produza nos equipos ou instalacións de esta por negligencia, accidente ou inobservancia das regras de seguridade vixentes ou que se establezan na manipulación das mercadorías.

No caso de extinción por calquera causa da autorización para a prestación do servizo, Portos de Galicia non se fará cargo de ningunha das obrigas económicas, laborais, contractuais ou de calquera outra clase que tivera contraídas a empresa prestadora que cesa temporal o definitivamente nas súas actividades.

A empresa prestadora deberá de levar e remitir á Dirección de Portos de Galicia a documentación e rexistros necesarios, de acordo ao modelo e periodicidade que se establezan, para que esta coñeza o resultado final da súa actividade e poida recoller os datos estatísticos, técnicos e económicos necesarios para o control da explotación do porto.

26ª.- As empresas prestadoras poderán utilizar na realización das operacións, as grúas e outros medios mecánicos de carga e descarga propostos na súa solicitude ou aqueles que se incorporen ao servizo con posterioridade e sexan autorizados por Portos de Galicia, conforme ás condicións que se inclúen a continuación:

- a. O uso das ditas grúas e medios mecánicos non implicará en ningún caso preferencia de atraque nin utilización exclusiva dos peiraos.
- b. A empresa prestadora deberá contar, previamente a súa entrada en servizo, cos certificados de conformidade das grúas e outros medios mecánicos, correspondentes ás probas dos apartados de izado, accesorios de manipulación e cargas de proba dos ditos elementos, todo a efectos das homologacións legais que procedan, debendo cumprir as condicións indicadas na condición xeral 22ª
- c. Cando as grúas e outros medios mecánicos non se atopen operativas, deberán situarse nas zonas de estacionamento que estableza a Portos de Galicia. As operacións de mantemento e/ou reparación das grúas e outros medios mecánicos realizaranse nestas zonas, evitando en todo momento que se produzan molestias ou entorpecemento para as operacións portuarias ou para o depósito das mercadorías.

27ª.- Portos de Galicia controlará as condicións de calidade e medio ambiente do servizo prestado polas empresas na zona portuaria así como os sistemas de seguridade que sexan de aplicación, mediante instrucións técnicas ou outros procedementos normativos.

Como normas xerais, relativas á calidade do servizo e protección do medio ambiente, as empresas prestadoras:

1. Cumprirán, como mínimo, as prescricións que se establezan na lexislación medioambiental vixente, e as que figuren nos plans de xestión medioambiental e de continxencias.
2. Aportarán, cando se lles esixa, as evidencias do cumprimento da lexislación ambiental (ensaio u outro tipo de rexistros dos controis efectuados), e remitirán canta documentación lles sexa requirida a estes efectos.
3. Atenderán inmediatamente as instrucións que en cada momento dite Portos de Galicia para garantir a protección medioambiental e a calidade das operacións.
4. De maneira voluntaria, cando dispuxeran dun plan de xestión de calidade e estiveran obrigados a presentar o plan de continxencias medio ambientais, segundo a normativa correspondente, executarán as accións preventivas definidas nos seus sistemas integrados de xestión da calidade e do medio ambiente, incluírán nos mesmos as instrucións técnicas de Portos de Galicia e calquera outra normativa reguladora da actividade, e enviarán a Portos de Galicia unha copia das auditorías periódicas que se realicen no sistema, se é o caso, integrado de xestión.
5. No caso de que se produzan residuos perigosos, estarase ao disposto na lexislación vixente de aplicación, asumindo a xestión dos mesmos en base ao disposto na devandita lexislación e na normativa técnica que Portos de Galicia desenvolva ao respecto.
6. Quedarán en calquera caso suxeitas as empresas prestadoras ás prescricións resultantes do Convenio Internacional para previr a contaminación ocasionada por buques de 1973, modificado polo seu protocolo de 1978, na súa versión vixente (MARPOL 73/78), do Real Decreto 1381/2002, do 20 de decembro, relativo a instalacións portuarias de refugallo de residuos xerados por buques e residuos de carga, e, en consecuencia a tódolos instrumentos normativos, contractuais ou doutra índole que en aplicación desta normativa estableza Portos de Galicia.





7. Cando lle sexa requirido, aportarán o plan de emerxencia aplicable ao desenvolvemento da súa actividade que no seu caso se integrará co plan ou plans efectuados por Portos de Galicia.
8. As operacións autorizadas deberanse realizar en condicións de salubridade e hixiene adecuadas. A este respecto, cando se manipulen mercadorías destinadas ó consumo humano, e especialmente a pesca conxelada a granel, o equipo de descarga, desembarque, estiba ou desestiba que entre en contacto coa mercadoría estará construído con un material de fácil limpeza e desinfección e manterase en bo estado de conservación e limpeza para evitar calquera tipo de contaminación dos produtos manipulados durante todo o proceso.

Deberán de realizarse as operacións de limpeza oportunas para manter os equipos de traballo en condicións hixiénicas adecuadas, nas que se incluírán a lo menos o lavado con auga ó fin da xornada de traballo dos medios de descargas (redes, tolvas, cintas, etc) e o toldado funcional dos camiións con caixa aberta para evitar a contaminación dos alimentos no seu transporte e minimizar os efectos ambientais que poidan incidir negativamente na calidade do produto, tales como o sol e o vento.

Os traballadores deberán estar equipados con roupa e calzado de traballo que sexa de fácil limpeza con auga ó saír e o entrar nas bodegas, e prohibese fumar, comer, beber e outras condutas que poidan supor a contaminación da mercadoría durante as operacións que impliquen a manipulación de alimentos.

Por outra banda, para garantir unha adecuada formación dos traballadores dado que estes interveñen na cadea alimenticia, será necesario que a entidade autorizada para a prestación do servizo regulado por este prego, cando dentro da súa actividade manipule produtos alimenticios susceptibles de ser contaminados, acredite a realización dun programa formativo os seus traballadores que inclúa cursos formativos relativos á correcta manipulación de alimentos. Este extremo deberá ser acreditado cando así sexa solicitado por Portos de Galicia.

9. Eventualmente, en función da clase de mercadoría que se manipule, e en particular cando así veña esixido por normativa de aplicación, Portos de Galicia poderá esixir condicións adicionais de seguridade, protección medioambiental e calidade que figurarán expresamente mencionadas nas condicións particulares da autorización, ou, de ser o caso, serán esixidas por medio de instrucións emitidas para casos puntuais.
10. A xestión da calidade establecida pola empresa para as súas actividades, deberá garantir a transmisión das normas establecidas por Portos de Galicia a terceiros vinculados coas súas actividades, como poden ser empresas de transporte, de reparacións, de control, de xestión de residuos e en xeral, de calquera outra actividade relacionada coa empresa na zona de servizo do porto. Sen embargo, a comunicación das normas non libera á empresa prestadora das súas responsabilidades polo incumprimento, por parte de terceiros ao seu cargo, das normas establecidas por Portos de Galicia.

28ª.- En aplicación de normativa comunitaria sobre inspección de mercadorías de orixe animal ou vexetal provinte de terceiros países, os portos receptores deste tipo de mercadorías, contan con postos de inspección fronteiriza (PIFS) para o control sanitario do produto indicado, postos de inspección que polo tanto, vincúlanse directamente coa prestación do servizo portuario sobre as mercadorías do que Portos de Galicia é titular.

Para poder realizar as inspeccións establecidas por esta normativa, a empresa prestadora do servizo deberá por a disposición do Inspector, sempre que lle sexa requirido, un traballador auxiliar, designado por la propia empresa prestadora do servizo, que será ó encargado de colaborar nas faenas de recollida da mostra, traslado ó P.I.F. e, se fora necesario, preparación das mostras, seguindo as instrucións do Inspector e cumprindo os protocolos que no seu caso se establezan para elo, ou, no seu caso, as indicacións que se regulen nas condicións particulares do presente prego.

O dito traballador auxiliar deberá cumprir os requisitos que se establezan en canto a formación e uso dos medios de transporte, manipulación e corte da mercadoría, sendo obriga da empresa prestadora do servizo prever estas labores dentro da súa avaliación de riscos e o correspondente plan de prevención dos traballadores indicado na condición xeral 29ª.

Esta obriga sería de aplicación a calquera outra mercadoría, ou calquera outro tipo de inspección, se así fose esixido pola normativa vixente.

O incumprimento desta condición será causa de extinción da autorización.

29ª.- As empresas prestadoras do servizo deberá manter operativo en todo momento o sistema de prevención de riscos laborais. En cumprimento do disposto na Lei 31/1995 de prevención de riscos laborais e demais normativa de desenvolvemento, elaborará toda a documentación relativa ás obrigas





que lles impón dita lexislación, documentación que deberán conservar a disposición da autoridade laboral, así como de Portos de Galicia.

A acción preventiva deberá comprender tódolos traballos, de calquera natureza, desenvolto pola empresa na zona de servizo do porto, tanto mediante persoal propio como mediante traballadores portuarios ou eventuais. Así mesmo, nos termos que corresponda segundo a lexislación de prevención de riscos laborais, a acción preventiva da empresa deberá de estenderse aos traballos que desenvolvan na zona de servizo do porto terceiros vinculados de forma permanente ou temporal á súa actividade, como empresas de transporte, reparacións, control e en xeral, calquera outras relacionadas coa dita actividade.

O titular da autorización, co fin de dar cumprimento ó indicado no artigo 24 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, desenvolta por el R.D. 171/2004, de 30 de xaneiro, comprometése ó seguinte:

- Recibir e trasladar o seus traballadores a Ficha de Información de riscos e medidas preventivas dos portos. O dito documento está a súa disposición na páxina web [www.portosdegalicia.com](http://www.portosdegalicia.com).
- Recibir e trasladar ós seus traballadores as Medidas de Emerxencia e Listados de Teléfonos de Emerxencias que están a súa disposición e na páxina web [www.portosdegalicia.com](http://www.portosdegalicia.com)
- Entregar a Portos de Galicia a Avaliación de Riscos e as medidas de Emerxencias correspondentes á actividade a desenvolver no ámbito da autorización. Cando se produza modificación na actividade inicialmente realizada, enviara novamente a dita Avaliación de Riscos.
- Deberán informar a Portos de Galicia relación de todas las subcontratas que realicen traballos vinculados a actividade autorizada e deberán aportar a avaliación de riscos e medidas de emerxencia deles.
- Proporcionar á Portos de Galicia os nomes e apelidos dos traballadores que vaian a actuar como Recurso Preventivo durante os traballos a realizar no dominio público portuario.
- Acudir ás reunións en materia de coordinación de actividades empresariales que, no seu caso, lle propoña Portos de Galicia e acatar todas as instrucións de seguridade que emanen da dita entidade pública

30ª.- As empresas que **realicen tráfico de mercadorías perigosas**, deberán de ser autorizadas expresamente por Portos de Galicia, especificando a dita autorización os tipos de mercadorías perigosas que poidan manipular.

Para desenvolver tráfico de mercadorías perigosas, a empresa deberá acreditar o cumprimento dos requisitos seguintes:

1. Dispoñer de operadores de peirao ou terminal en posesión do certificado ao que se refire o artigo 133 do Real Decreto 145/1989, do 20 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de admisión, manipulación e almacenamento de mercancías perigosas, en número suficiente para cubrir de maneira continuada tódalas xornadas de traballo nas que se pretende manipular mercancías perigosas.
2. Dispoñer dun estudio de seguridade e plan de emerxencia, relativos ás mercancías perigosas, redactados ambos ó abeiro das prescricións do citado regulamento.
3. Asemade, deberán redactar e someter previamente á aprobación de Portos de Galicia os seguintes estudos redactados de acordo ás prescricións contidas no R.D. 145/1989:
  - Estudo de seguridade
  - Plan de emerxencia

De ser o caso, o plan de emerxencia de cada empresa se integrará nos plans de emerxencia interior que efectúe Portos de Galicia, para o cal exixírase a súa presentación nas condicións particulares.

31ª.- Sen prexuízo do exposto nas anteriores condicións 29 á 30ª, o prestador do servizo está obrigado ó cumprimento das disposicións vixentes, segundo os casos, en materia de mercadoría perigosas, prevención de riscos laborais e en sistemas de seguridade en xeral que lles resulten aplicables.

32ª.- As empresas prestadoras comprométense a facilitar a Portos de Galicia toda aquela información que lles sexa requirida polo mesmo en relación coa prestación do servizo.

33ª.- As empresas prestadoras desagregaran na súa facturación a clientes os cargos por servizos propios e os que lle presta Portos de Galicia, axustándoos aos conceptos e nomenclatura que figuren nas correspondentes taxas e tarifas, e conservando os duplicados de forma que poidan ser inspeccionados e contrastados por Portos de Galicia en todo momento, e a requirimento desta.







No seu caso, indicaranse nas condicións particulares as tarifas máximas aplicables ás persoas usuarias do servizo.

34ª.- As persoas titulares de autorizacións para a prestación de servizos portuarios especiais, segundo o disposto na Lei 6/2017, do 14 de xuño, de portos de Galicia, deberán levar, para cada un dos servizos que presten, unha estrita separación contable consonte os usos e as prácticas comerciais admitidas, entre os ditos servizos e actividades, e aqueles que presten fóra do ámbito portuario.

35ª.- As empresas prestadoras difundirán entre os seus clientes tanto as normas que lles poidan afectar como o réxime de taxas e tarifario do porto e as súas regras de aplicación, de modo que se evite en todo momento incorrer en non pago ou responsabilidades por ignorancia daqueles, sen prexuízo de que por Portos de Galicia poidan establecerse os canais de información que considere precisos en relación cos servizos do porto.

36ª.- Naqueles portos afectados polo Código Internacional para a protección dos buques e instalacións portuarias (CÓDIGO PBIP) adoptado pola Conferencia Diplomática sobre Protección Marítima celebrada en Londres en decembro do 2002 e trasposto á normativa comunitaria polo regulamento CE nº 725/2004, observaranse igualmente as prescricións contidas nos respectivos plans de protección das instalacións portuarias, e as instrucións que na súa aplicación sexan impartidas polos oficiais de protección das citadas instalacións.

En aplicación da normativa que se cita no parágrafo que antecede, as instalacións concesionadas que sirvan de base para o desenvolvemento das actividades do servizo que se localicen na zona de interface buque-porto afectada polo código, deberán de elaborar e aprobar o seu propio plan de protección da instalación, dispoñer dun oficial de protección e desenvolver as restantes actuacións que sexan de aplicación imperativa.

#### **Extinción da autorización.**

- 37ª.- A presente autorización extinguirase polas seguintes causas:
- a) O remate do prazo de vixencia previsto na autorización.
  - b) A revogación pola perda ou polo incumprimento dos requisitos previstos para poder acceder a prestar o servizo, ou non adaptación ás prescricións reguladoras do servizo cando sexan modificadas.
  - c) A resolución polo incumprimento das condicións do prego regulador do servizo e da autorización que se definan como esenciais nos ditos documentos, e en especial das relativas ás obrigas derivadas do servizo público, das exixencias de seguridade para a prestación do servizo e das obrigas de protección do medio ambiente.
  - d) A extinción da autorización ou concesión de ocupación do dominio público portuario que se precise para a prestación do servizo, no suposto de que non constitúan un expediente único.
  - e) Renuncia do titular que só poderá ser aceptada por Portos de Galicia cando non cause prexuízos a este ou a terceiros.
  - f) Transmisión sen autorización previa de Portos de Galicia, nos supostos incluídos na condición xeral 40ª
  - g) Polas demais causas establecidas no prego regulador e nas condicións particulares que integren a autorización.
- 38ª.- Extinguida a autorización, Portos de Galicia non asumirá ningún tipo de obriga laboral, económica, contractual ou de calquera outra clase que tivera contraída o titular da autorización.

#### **Disposicións Finais**

- 39ª.- De acordo aos principios de obxectividade e proporcionalidade, e en calquera caso sempre que veña imposto por normativa de aplicación, Portos de Galicia poderá modificar as condicións impostas aos titulares desta autorización, previa audiencia dos interesados, cando se modifiquen as condicións do presente prego regulador. A modificación establecerá un prazo para que os titulares se adapten ao nela disposto. Transcorrido o dito prazo sen que teña lugar a adaptación, as autorizacións quedarán sen efecto.
- 40ª.- As autorizacións poderán transmitirse a persoas distintas daquelas ás que foron orixinariamente outorgadas, previa autorización de Portos de Galicia, cando se dean conxuntamente as seguintes circunstancias:





- a. Que a transmisión se faga a favor duna persoa física ou xurídica que cumpra os requisitos sinalados na condición 8ª deste prego, e que aporte a documentación que se indica na condición 9ª .
  - b. Que se cumpran os requisitos previstos para a transmisión da concesión administrativa, cando a autorización se transmita xunto coa concesión do dominio público no que se desenvolve a actividade.
- 41ª.- As reclamacións sobre aplicación ou interpretación deste prego, agás as reclamacións relativas á aplicación das taxas, serán resoltas polo Presidente de Portos de Galicia, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.

As reclamacións relativas á aplicación de taxas serán resoltas pola Dirección de Portos de Galicia e serán recorribles na vía económico-administrativa.

- 42ª.- Portos de Galicia poderá exixir en calquera momento o titular da autorización o seu plan de emerxencias para o caso de accidentes e o plan de continxencias medioambientais, se foran obrigatorios en función da actividade a desenvolver. O incumprimento deste requisito será causa de extinción da autorización.
- 43ª.- Este prego de condicións será de aplicación dende o día seguinte ao da publicación do Acordo de aprobación polo Consello de Administración de Portos de Galicia no Diario oficial de Galicia. As autorizacións vixentes á entrada en vigor deste prego manterán a súa vixencia .
- 44ª.- Serán de conta dos adxudicatarios tódolos los gastos que se ocasionen con motivo desta autorización.

